

CONVENIO DE COLABORACION PARA A REALIZACIÓN DO “CAMPIONATO DO MUNDO DE XADREZ DAS CATEGORÍAS SUB-8 A SUB-12” NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 26 de marzo de 2018

REUNIDOS

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don , con número de Protocolo . A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, e poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia don , en data de 19 de decembro de 2016 con número de Protocolo .

E doutra parte, **FEDERACIÓN GALLEGA DE AJEDREZ** , con domicilio social en C/ Luis Ksado, 17 (36209) de Vigo (Pontevedra) e provista do Número de Identificación Fiscal G 36644789, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia dende o 29 de xuño de 1984, con número C-00304.

Está representada neste acto por , con DNI , en calidade de Presidente, quen acredita a súas facultades de representación conforme ao certificado da Secretaria Xeral para o Deporte en Pontevedra de data de catorce de novembro de dous mil dezasete.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de Santiago de Compostela, , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

Segundo- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago

de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

“a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.”

En cumprimento dos seus fins fundacionais, a Fundación realiza actividades de toda índole en fomento do deporte e a cultura, co obxectivo de que as mesmas cheguen ao maior público posible.

Igualmente, segundo o previsto no artigo 7 dos Estatutos, a Fundación leva a cabo todo tipo de actuacións na procura da interrelación con axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas (con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada), así como todas aquelas axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión e de formación no ámbito da innovación na xestión cultural, para contribuír á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

Terceiro- Que a **Federación Gallega de Ajedrez** (en diante FEGAXA) ten como obxecto social promocionar, dirixir e ordenar con carácter exclusivo dentro de Galicia, sen prexuízo das competencias concorrentes das distintas administracións públicas, as actividades propias da súa especialidade deportiva. A Fegaxa é a única entidade competente dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para promocionar, regulamentar, organizar, xestionar e controla-las competicións oficiais do deporte do xadrez, e son as súas principios modalidades as integradas nos estatutos e regulamentos da Fegaxa.

Cuarto.- Que a ambas partes están interesadas en que se celebre en Gaiás Cidade da Cultura de Galicia o Campionato do Mundo de Xadrez das Categorias Sub-8 a Sub-12, polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio, a cesión temporal a título gratuíto de espazos prevista na cláusula terceira (vinculada ao calendario de actividades previsto en ANEXO I) para a celebración do Campionato do Mundo de Xadrez das Categorias Sub-8 a Sub-12 entre o 3 ao 16 de novembro del 2018.

FEGAXA declara que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.

Así mesmo comprométese a, unha vez producida a resolución do presente Convenio ou a expiración da súa vixencia, a poñer os espazos e instalacións de forma inmediata a disposición da Fundación, no mesmo estado en que encontran no momento de sinatura do presente Convenio.

FEGAXA non poderá levar a cabo modificación ningunha nas Instalacións sen a autorización expresa da Fundación, e acepta neste acto as normas e condicións xerais aprobadas pola Cidade da Cultura de Galicia.

Segunda.- Obrigas de FEGAXA

En virtude do presente convenio, a **FEGAXA** se obriga a:

- a) Realizar as actividades que lle son propias baixo a súa responsabilidade, segundo o establecido na lexislación vixente e de acordo coas boas prácticas e normas técnicas. En canto promotor do evento, será o encargado exclusivo da súa organización, así como da presentación das comunicación e/ou obtención das oportunas autorizacións e licenzas ante os organismos competentes de acordo coa normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas. Con carácter previo ao evento, deberá presentar documentación xustificativa das xestións realizadas e das autorizacións, no seu caso, obtidas, a tal efecto.
- b) Posta a disposición de 700 cadeiras e 250 mesas a empregar polos asistentes durante a celebración do evento.
- c) Cumprir co calendario de actividades previstas no **ANEXO I** do presente documento, comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o calendario e programación do evento, especialmente os que impliquen prolongar o horario de apertura do/s edificio/s onde se desenvolva a/s actividade/s e informar puntualmente dos cambios no programa.
- d) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- e) Coordinar a comunicación do evento coa Fundación a través do seu Departamento de Marketing e Comunicación; para elo FEGAXA informará por anticipado á Fundación das accións de comunicación e deberán remitir para aprobación da Fundación, todos os materiais de comunicación antes de ser editados, nomeando a tal efecto un representante, que coordinará co Departamento de Marketing e Comunicación da Fundación, toda clase de actos públicos de difusión e promoción do evento, tales como roldas de prensa ou actos con medios.
- f) FEGAXA se compromete á convocatoria dun representante da Fundación Cidade da Cultura a roldas de prensa ou actos de comunicación pública que realice para de difusión e promoción do evento.
- g) Compromiso de incluír, en todo o material divulgativo e publicitario que se edite, o logotipo da Fundación Cidade da Cultura de Galicia en calidade de entidade co-organizadora do evento, ao mesmo nivel que FEGAXA.

- h) Obtención de oportunas autorizacións por parte dos tutores dos menores e resto de asistentes, para a toma e reprodución de imaxes dos participantes, a fin de ser utilizadas en calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola Fundación durante os cinco anos seguintes á celebración do evento, así como na súa páxina web e redes sociais. Para este fin, a Fundación poderá contratar a profesionais que se encarguen de facer fotografías e vídeos o día do evento.
- i) Limitar as actividades que afecten ás areas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
- j) A conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a FEGAXA deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC.

A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.
- k) A contratación do persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros.
- l) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por CAMPIONATO DO MUNDO DE XADREZ DAS CATEGORÍAS SUB-8 A SUB-12, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- m) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión de autorización a de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- n) Subministrar aos participantes as estruturas, materiais e servizos necesarios para a realización do evento. A título meramente enunciativo non limitativo se inclúe; estruturas modulares, mobiliario, moqueta, rotulación, elementos informáticos e audiovisuais e soporte técnico aos mesmos, acometidas e cadros eléctricos fora dos xa instalados, subministro extraordinario de enerxía eléctrica e de servizos de telecomunicacións ... En todo caso, as estruturas e/ou materiais a subministrar deberán ser presentados con carácter previo á Fundación para mantemento dunha unidade formal coas edificacións e espazos cedidos.
- o) Velar por un uso racional do/s edificio/s e das súas instalacións con criterios de eficiencia económica e respecto ao medio ambiente, respectando as instrucións que se diten ao efecto.
- p) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.

- q) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais.
- r) Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do/s edificio/s.
- s) Elaborar un Plan de Autoprotección Complementario para o evento, segundo o disposto na cláusula novena deste convenio.

Terceira.- Obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título gratuíto (vinculada ao calendario de actividades previsto en ANEXO I) dos seguintes espazos;
 - 1. Planta 0 Museo Centro Gaias (nivel 291)
 - 2. Hall de tirantes (nº 201)
 - 3. Sala Seminario (nº 209)
 - 4. Sala Proxección (nº 205)
 - 5. Aula didáctica (nº 215-216)
 - 6. Planta -1 Museo Centro Gaias (nivel 287)
 - 7. Planta (nº 101)
 - 8. Zona camerinos (nº 142, 143, 114, 145, 146, 147)
 - 9. Salas nº 140 y nº 119
 - 10. Praza entre Cinc e Museo para instalación de carpa
- b) Realizar as oportunas actuacións para que as salas de xogo estean perfectamente iluminadas, para o que procurará complementar, de ser posible, a iluminación actual con focos de reforzo nos raís do teito da sala.
- c) Posta a disposición de 500 cadeiras a empregar polos asistentes.
- d) Redes de comunicacións internas e acceso a internet: a Fundación proporcionará:
 - Para a zona de xogo e zona de realización e control en planta -1 de Museo: conexións ethernet a 1Gbps sobre cableado estruturado dispoñible nas caixas de chan según planos, VLAN propia.
 - Para salidas de streaming e conexións a internet en Museo: conexión a internet de 1Gbps sobre rede da Fundación dispoñible nunha caixa de chan do Museo Planta -1.
 - Para as oficinas de xestión e control do evento: conexións ethernet a 1Gbps sobre cableado estruturado dispoñible nas caixas de chan e parede según planos, VLAN propia con acceso a internet.
 - Dentro do Museo: dispoñible WIFI actual con agregado de 1Gbps, con saída a internet.
 - Para a posible carpa en exteriores: Punto de acceso a internet de 1Gbps sobre a rede da Fundación, conexión dispoñible en porto de switch para fibra óptica en Centro de Comunicacións do edificio CINC Planta -1. “

- e) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio da FEGAXA, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- f) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- g) Difusión da celebración da exposición en Museo Centro Gaiás, conforme aos medios habituais ao seu alcance.
- h) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- i) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- j) O coñecemento e a coordinación das actividades que, aínda que xestionadas por FEGAXA, se desenvolvan nos espazos da Cidade da Cultura de Galicia, para facilitar a información e a atención aos visitantes.
- k) Deseño e autorización da sinalética no edificio onde se realizará o CAMPIONATO DO MUNDO DE XADREZ DAS CATEGORÍAS SUB-8 A SUB-12 dentro do complexo da CdC, así como no exterior, para informar da/s ubicación/s onde se celebre o evento.

Cuarta.- Obrigas comúns.

FEGAXA e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

Quinta.- Financiamento

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da FEGAXA ademais dos gastos de persoal dependente do FEGAXA, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da FEGAXA. Así mesmo serán por conta da FEGAXA a xestión da inscrición no evento, os ingresos xerados por estes así como os gastos e ingresos relacionados co desenvolvemento no Gaiás.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola FEGAXA) ou impostos que afecten ao inmovible.

Sexta.- Modificacións ou obras nas instalacións.

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á FEGAXA.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e FEGAXA será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Sétima.- Limpeza

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia.

Unha vez finalizada a relación contractual, a FEGAXA procurará deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que a FEGAXA acumule entullos ou refugallo, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión.

Oitava.- Seguridade e control de acceso ao espazo.

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante, de ser necesario, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade interior dos mesmos, dependerán de FEGAXA e a tal fin, contará co persoal que estime oportuno e establecerá para o devandito persoal, os horarios que este determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal, que deberá ser validado pola FUNDACIÓN.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a FEGAXA, se ben, no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, FEGAXA poderá contar coa colaboración do persoal de seguridade de FUNDACIÓN, co fin de asegurar o abandono das Instalacións das persoas non admitidas.

FEGAXA é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

Novena.- Plan de Actuación ante Emerxencias

En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás.

Non obstante o anterior, con 15 días de antelación ao inicio dos traballos de montaxe do evento determinarase por parte do Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia se resulta necesario a Elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario para o evento.

En todo caso, os organizadores do evento deberán aportar ao Director do Plan de Autoprotección Único a seguinte información:

- Locais ocupados

- Descrición da actividade
- Aforo máximo e sistema de control de aforo
- Equipamento, mobiliario ou estruturas a instalar
- Fontes de enerxía
- Medios humanos dedicados á actividade.

Se o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia non considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario por non requirilo o evento, será suficiente se con 48 horas de antelación á celebración do evento se definen os equipos de evacuación e os equipos de primeira intervención designados para atender o evento.

No caso de que o Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia considerase necesario a elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario, con 48 horas de antelación ao inicio da actividade, deberá serlle entregada unha copia do Plan de Autoprotección Complementario.

Décima.- Mantemento

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a FEGAXA será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a FEGAXA comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, a FEGAXA deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizados pola FEGAXA. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

Undécima.- Condicións de utilización das instalacións i espazos cedidos.

En ningún caso a utilización pola FEGAXA das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola FEGAXA SL:

- A FEGAXA deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Tras a finalización da relación contractual, a FEGAXA deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

Duodécima.- Difusión de imaxes.

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte da FEGAXA, en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá comunicación previa á Fundación.

Doutra banda, as partes consenten a libre difusión na/s web/s da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, en redes sociais, en catálogos, folletos, ou similares, para a realización e publicación de reproducións fotográficas e audiovisuais ou análogos, con motivo de calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola Fundación. A tal efecto, FEGAXA procurará á obtención de oportunos consentimentos de asistentes ao evento nos que se garanta a transmisión dos dereitos de difusión e comunicación respecto de fotografías, imaxes e gravacións de voz que se realicen durante o acto.

Esta autorización enténdese concedida para a utilización das fotografías, imaxes e gravacións de voz, ou parte destas, nas que aparezan os asistentes, no ámbito e finalidades de comunicación e difusión de todos os programas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, así como calquera outro proxecto destinado á promoción das actividades de Fundación Cidade da Cultura de Galicia en medios de comunicación internos ou externos a esta, sempre que teña carácter social e non comercial, e para que poidan ser explotados en todos os medios coñecidos na actualidade e os que puideran desenvolverse no futuro.

O dereito á propia imaxe está recoñecido ao artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, de 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe e a Lei 15/1999, de 13 de Decembro, sobre a Protección de Datos de Carácter Persoal, artigo 13 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, acolléndose esta autorización aos límites recollidos en dita lexislación.

A presente autorización, feita nos termos fixados no presente acordo, enténdese feita con carácter gratuíto. Esta autorización enténdese concedida cun ámbito territorial e temporal amplo, polo que Fundación, poderá utilizar estas Imaxes, ou parte destas, en todos os países do mundo sen limitación xeográfica de ningunha clase.

Décimo terceira.- Cesión e subcontratación

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente Convenio.

Décimo cuarta.- Confidencialidade e conflito de intereses

A información e documentación que se xere con motivo do convenio, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade ao procedemento legalmente establecido.

A información que as partes proporcionen ou coñezan, por motivo do convenio, será considerada estritamente confidencial, polo que quedan obrigadas a non a revelar a terceiras persoas alleas ás partes. Por tal motivo, as partes tomarán as medidas necesarias para evitar a divulgación da información que por motivo ou consecuencia dos servizos obxecto do convenio manexen outras persoas, e evitando tamén que terceiras persoas alleas ás partes non teñan acceso a ela.

En caso de que a información proporcionada polas partes chegase ao coñecemento de terceiras persoas alleas a estas por dolo, neglixencia ou mala fe imputable a algunha das partes e/ou o seu persoal, a parte responsable deberá responder polos danos e prexuízos ocasionados á outra, sen prexuízo das responsabilidades e sancións legalmente previstas.

Décimo quinta.- Comisión de Seguimento

Constituirase unha Comisión de Seguimento para facilitar o seguimento e cumprimento do Convenio. A Comisión de Seguimento estará formada por dous representantes de cada parte e actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio.

Actuará de Presidente da Comisión de Seguimento a Directora Xerente da Fundación ou persoa na que delegue. Os acordos serán adoptados por maioría simple. O Presidente da Comisión de Seguimento ostentará a facultade de voto dirimente en caso de empate, a efectos da adopción de acordos.

A Comisión reunirse tantas veces estime se necesario a convocatoria de calquera das partes, estando condicionada a periodicidade das súas reunións polos asuntos para tratar.

Décimo Sexta.- Vixencia.

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización do Campionato do Mundo de Xadrez das Categorías Sub-8 a Sub-12 e os días precisos para tarefas de montaxe e desmontaxe, sen posibilidade de prórroga.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

Décimo sétima.- Causas de Resolución.

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á FUNDACIÓN.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. O comportamento irregular do persoal de FEGAXA.
7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
8. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
9. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de FEGAXA extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a FEGAXA de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

Décimo oitava.- Protección de datos de carácter persoal

A empresa FEGAXA garante que o tratamento de datos persoais xerados ou obtidos con motivo da organización do evento a través de las funcionalidades das que sexa titular, cumpren o disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. A Fundación queda exonerada de calquera incumprimento do disposto na citada Lei e normativa de desenvolvemento da mesma, por parte de FEGAXA no exercicio das súas actividades.

Así mesmo, se informa que co fin de dar cumprimento ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos persoais que se faciliten en virtude do presente acordo, quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da FUNDACIÓN, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a FUNDACIÓN, como responsable do ficheiro, solicitándoo por escrito á Fundación Cidade da Cultura de Galicia ao enderezo Gaiás- Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceiro andar (Monte Gaiás), 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Décimo novena.- Publicidade.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Vixésima.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en virtude do disposto no seu artigo 6. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a referida publicidade.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Fundación Cidade da Cultura

Por FEGAXA

Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente

Presidente

ANEXO I.- ACTIVIDADES A REALIZAR NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

(Programa Provisional de Actividades)

Montaxe: xoves 01 de novembro de 2018 e venres 02 de novembro de 2018.

Actividades:

DIA	DATA	HORA	ACTIVIDADE
Sábado	3-nov	CHEGADA	DELEGACIÓNS
		21:00	Reunión Técnica
Domingo	4-nov	14:30:00	Cerimonia de apertura
Luns	5-nov	16:30:00	Ronda 1
Martes	6-nov	16:30:00	Ronda 2
Mércores	7-nov	16:30:00	Ronda 3
Xoves	8-nov	16:30:00	Ronda 4
Venres	9-nov	16:30:00	Ronda 5
Sábado	10-nov	16:30:00	Ronda 6
Domingo	11-nov	16:30:00	Ronda 7
Luns	12-nov	16:30:00	Ronda 8
Martes	13-nov	16:30:00	Ronda 9
Mércores	14-nov	16:30:00	Ronda 10
Xoves	15-nov	13:30:00	Ronda 11
		20:30:00	Cerimonia de clausura no Pazo de Congressos
Venres	16-nov	12:00:00	Saída de Delegacións

Desmontaxe: venres 16 de novembro de 2018 e sábado 17 de novembro de 2018